



MISA CON NENOS

27 de febreiro de 2022

T. Ordinario-8º C

S. Lucas 6, 39-45: “Do que reborda o corazón fala a boca”.



De que enches o teu corazón?

1. ACOLLIDA

Monitor

Irmáns e irmás: Desde que terminamos as festas de Nadal xa celebramos 8 domingos do tempo Ordinario. A partir da próxima semana comezaremos a Coresma, a preparación da Pascua. Pero todos os domingos celebramos que nos atopamos con Xesús e sentímonos felices por iso. Hoxe, no evanxeo, Xesús dinos que se coidamos os nosos ollos para que estean limpos, se enchemos o noso corazón de amor, transformaremos o mundo. *(Saímos co cartel de Fano deste domingo).*

Saúdo do sacerdote:

-No nome do Pai... *Que Xesús, a luz que abre os nosos ollos para velo nos irmáns, sexa convosco.*

2. PETICIÓNS DE PERDÓN

Sacerdote. *Moitas veces no noso modo de vivir cústanos querer e perdoar a todos. Por iso, ao iniciar a Eucaristía recoñecémolo e pedimos perdón.*

- **Pais:** Porque ás veces os discípulos de Xesús desprezamos aos que non pensan como nós. ***Señor, ten piedade de nós.***
- **Catequistas:** Porque ás veces os discípulos de Xesús non estamos dispostos a aprender, a dialogar e cambiar. ***Cristo, ten piedade de nós.***
- **Nenos:** Porque ás veces os discípulos de Xesús podemos enganar facendo o contrario do que anunciamos. ***Señor, ten piedade de nós.***

Sacerdote: *Que o Deus do amor teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e nos leve á vida eterna. Amén*

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Escoitemos con atención a palabra de Deus. O libro do Eclesiástico invítanos á prudencia no falar. Xesús ensínanos o camiño da sensatez. Pero a fe cristiá é máis que un estilo de vida, por iso Paulo vai á excelencia: confesamos a vitoria de Cristo sobre a morte que é tamén a nosa vitoria.

LECTURAS

SAMUEL 27,4-7: *Non eloxies a ninguén antes de oílo falar.*

Cando se axita a criba, quedan os refugallos; así, cando a persoa fala, descóbrense os seus defectos.

O forno proba as vasillas do oleiro, e a persoa é probada na súa conversación.

O froito revela o cultivo da árbore, así a palabra revela o corazón da persoa.

Non eloxies a ninguén antes de oílo falar, porque aí é onde se proba unha persoa.

Palabra do Señor.

SALMO 21: R/.

É bo darche grazas, Señor.

1 CORINTIOS 15, 54-58:

Dános a vitoria por medio de Xesucristo.

LUCAS 6, 39-45: Do que reborda o corazón fala a boca.

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos discípulos unha parábola:

Xesús: -«Seica pode **un cego guiar a outro cego?** Non caerán os dous no foxo?

Non está o discípulo sobre o seu mestre, aínda que, cando termine a súa aprendizaxe, será como o seu mestre.

Por que te fixas no lixo que ten o teu irmán no ollo e non reparas na viga que levas no teu?

Como podes dicirlle ao teu irmán: “Irmán, déixame que che saque o lixo do ollo”, sen fixarte na viga que levas no teu?

Hipócrita! Saca primeiro a viga do teu ollo, e entón verás claro para sacar o lixo do ollo do teu irmán.

*Pois **non hai árbore boa que dea froito malo, nin árbore mala que dea froito bo; por iso, cada árbore coñécese polo seu froito; porque non se recollen figos das silvas, nin se vendiman acios dos espiños.***

O home bo, da bondade que atesoura no seu corazón saca o ben, e o que é malo, da maldade saca o mal; porque do que excede o corazón fala a boca».

Palabra do Señor

(Narrador-Xesús)

4. SÚPLICAS DE PERDÓN

Sacerdote: Oremos ao Padre do ceo e pidámoslle confiados:

-Pai bo, escóitanos.

- 1.- Pola Igrexa, para que nos ensine a grandeza de crer e de amar a Deus.
Oremos.
- 2.- Polos que nos reunimos cada domingo, para que descubramos a luz de Xesús. *Oremos.*
- 3.- Para coidemos o corazón onde nacen os sentimentos profundos. *Oremos.*
- 4.- Para que botemos da nosa vida as críticas e os xuízos desapiadados.
Oremos.
- 5.- Para que evitemos as mentiras, as contradicións ao falar sen facer o que dicimos. *Oremos.*
- 6.- Para que o Señor nos de á vez valentía, claridade, humildade e prudencia.
Oremos.
- 7.- Polos que nos educan e por tantas persoas que son para nós exemplo para actuar ben. *Oremos.*
- 8.- Polas vítimas do afundimento do pesqueiro galego en Terranova, para que Deus Pai bo as acolla no seu reino e para que María, a Estrela dos mares, dea aos seus familiares o consolo e a paz. *Oremos.*

Sacerdote: Escoita, Pai, a nosa oración e transforma os nosos corazóns coa túa graza salvadora. Por XCNS.

5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- **ESPÍRITO SANTO EN FORMA DE POMBA:**



Que difícil é vivir o evanxeo destes domingos: amor aos inimigos, coidar o corazón, dar bos froitos? Por iso necesitamos do teu Espírito que nos renove e transforme as nosas mentes e corazóns.

- **UN CORAZÓN VERMELLO:**

No corazón é onde nacen as actitudes, os bos sentimentos, os desexos de cada un. Dános, Señor, un corazón alegre e bondadoso como o teu, e os pais, catequistas e profesores prometemos seguir educando aos nenos na materia da bondade e do amor.

- **LENTE:**


- Con estas lentes queremos representar o noso desexo de camiñar con Xesús e de ver cos seus ollos. Que nunca as nosas pobreza escurezan o amor de Deus aos que nos rodean.

- **PAN E VIÑO:**

- Co pan e o viño dicimos ao Señor que queremos traballar por unha sociedade onde, a súa presenza, sexa tida en conta. Que a Eucaristía sexa alimento dos fillos de Deus.

6. SUXESTIÓNS:

- Terminamos hoxe de ler no evanxeo o Discurso da Chaira que son as benaventuranzas de Lucas.
- Debuxa un corazón grande, pon ao centro unha imaxe de Xesús e ao redor escribe pequenas accións que ultimamente fixeches ben e que crean un mundo mellor. Ou debuxade entre todos un corazón grande e dentro poñedes os nomes das persoas que vos axudan a crecer na vida.
- Coida o corazón, pide a axuda do Espírito, cambia o que ten de mal.
- Dá grazas aos pais, catequistas e a todos os que che guían para que mellores na vida. Deixa que Xesús sexa a túa luz, o teu compañeiro de camiño.
- Se nos fixamos na primeira lectura “Non eloxies a ninguén antes de oílo falar, porque aí é onde se proba unha persoa” ou na idea do evanxeo da lección que nos dá Xesús de ser coherentes, de que hai que cumprir o que dicimos, poderíase facer a seguinte dinámica: Elíxese un grupo de 10 ó 12 nenos e póñense de pé en círculo e no centro un neno sentado e só. O neno do centro elixe a 4 para que o axuden a levantarse pero eles póñense a pensar pero non axudan. Despois elixe a outros 3 e empezan a falar de como axudalo, pero non fan nada. Logo, dous deles, sen previo aviso, van ao centro e axúdanlo a levantarse. A idea é que ademais de pensar hai que actuar en consecuencia. Pero Deus sempre manda persoa, as que menos imaxinamos, para axudarnos.
- Con motivo do Entroido poderíase facer un encontro de nenos ao que asistan disfrazados de santos. Pódese aproveitar para explicar a mensaxe ou carisma de cada santo e invitalles a imitalos. Pódese premiar os mellores disfraces.



ORACIÓN de GRAZAS

Dáanos ollos limpos e corazón cheos de amor

Señor, ensínanos a mirar cos teus ollos, ollos serenos, cheos de bondade.

Os nosos engánannos, as nosas escuridades empapan o que vemos, contaxiando aos demais noso pesimismo e a nosa negatividade.

Líbranos das vigas dos nosos ollos para que a nosa mirada sexa limpa, para que podamos ver claro e así poder axudar aos nosos irmáns para desfacerse de o lixo a do seu ollo.

Entón poderémonos fitar. Sen a viga que nos deforma volvemos ser como ti queres e vemos o mundo cos teus ollos.

Que o noso corazón sexa suficientemente limpo para que os nosos ollos poidanche ver en todas partes, en todo o que nos rodea, e sobre todo na mirada dos nosos irmáns e irmás.

Así teremos un corazón bo, cheo de bondade, un corazón que agradece e non se queixa, que dá froitos de amor.



FELIZ DOMINGO, DÍA DEL SEÑOR.

RED CATEQUISTAS GALICIA